

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE OUTUBRO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.


1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Acordouse aprobar a acta núm. 43/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 13 de outubro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para peche de parcela mediante muro de formigón armado, sita no polígono 285 e parcela 293, de Vilatuxe, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para peche perimetral de lindeiro oeste de finca sita na rúa dos Caraveis nº 2, de Lalín e aprobar a liquidación



Secretaría Xeral

realizada pola Intervención Municipal en concepto de Imposto de construcións e instalacións e obras.

2.3.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para efectuar o acondicionamento de local para uso de restaurante en rúa Arenal, nº 67, baixo dereita, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

3.1.-Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** da planta baixa da edificación sita na Avda. Monte Faro, nº 33, de Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de licenza de primeira ocupación.

4.- COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS.

4.1.-Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para o peche de parcela lindante coa N-525 sita no lugar de Cabreira, parroquia de Catasós, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

4.2.- Acordouse estimar a alegación presentada relativa á unificación dos expedientes de tramitación de comunicación previa nº 7454/14 e de reposición da legalidade nº 10/02/U e, consecuentemente, unir como antecedentes ao presente expediente unha copia do citado expediente de reposición da legalidade, desestimar o resto das alegacións presentadas e **a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para legalización de soleira de formigón en cara interior de muro existente na finca sita en Pontenoufe – A Xesta – Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

4.3.- Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DA EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS (acordada na XGL de data 08/09/2014)** para acondicionamento de cuberta na edificación sita na rúa Molinera, 10, de Lalín.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

5.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE**, con efectos dende o 10 de outubro de 2014, para o exercicio da actividade consistente en Gabinete de Psicoloxía en rúa Calzada, nº 16, 3º C, de Lalín



6.- INFORME PREVIO.

6.1.- Acordouse aprobar os informes do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de datas 30/09/14 e 14/10/14 e remitilos á Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, sobre autorización de cruces e/ou afeccións de bens de dominio público afectados pola addenda das ampliacións da rede de gas natural da 1ª Fase de Lalín.

7.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

7.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, de data 6 de outubro de 2014 sobre información urbanística relativa á titularidade dunha pista en Vilatuxe e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

7.2.- Acordouse aprobar os dous informes emitidos polo enxeñeiro técnico técnico de obras públicas municipal, ambos de data 14 de outubro de 2014 relativos a un camiño sito en Vilasoa-Bendoiro e a parcela 258 do polígono 155 e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

8.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.


Acordouse autorizar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador, **así como a formalización dos correspondentes contratos.**

9.- CONVENIO ADMINISTRATIVO.

9.1.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Lalín para facilitar a realización de actividades de educación non formal e o acceso da mocidade a prestación de servizos.

10.- RENDICIÓN DE CONTAS.

10.1.- Acordouse reintegrar a D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín,



Secretaría Xeral

os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo.

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **74.765,98 euros.**

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos relativa ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

12.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.999,00 euros máis a partida de 3.779,79 € correspondente ao IVE, con destino ao servizo de dinamización do Museo Galego do títere e contratar coa empresa **VIRAVOLTA TÍTERES, S.L.** a realización do servizo.

12.3.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade a aboar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e á empresa Espina y Delfín, S.L..

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Douse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2014, punto 16.1. e acordouse corrixir o mesmo.

13.2.- Douse conta dun erro na relación de facturas incluídas na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 13 de outubro de 2014 e acordouse retirar da dita sesión unha factura incluída indebidamente.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

14.1.- Acordouse conceder autorización municipal a **Transportes Mosquera, S.L.**, para a realización de paradas dentro do casco urbano de Lalín.



Secretaría Xeral

14.2.- Dáse conta do escrito remitido o **ADIF** solicitando de dito organismo a cesión do uso ó Concello de Lalín da escombreira sita na parroquia de Botos, para o uso polos veciños da dita zona para a celebración das festas patronais.

=====

L

K

M

O